

Problema 113: Indica un aparello de medida indicado para medir as seguintes magnitudes: a) tempo que tarda en caer un corpo, b) masa dunha pedra, c) lonxitude dunha corda, d) diámetro dun fio de cobre, e) volume dunha pequena cantidade de auga, f) densidade dun anaco de metal, g) velocidade dun coche.

a) tempo que tarda en caer un corpo: Un cronómetro.

b) masa dunha pedra: Unha balanza.

c) lonxitude dunha corda: Unha cinta métrica.

d) diámetro dun fio de cobre: Un calibre.

e) volume dunha pequena cantidade de auga: Unha probeta.

f) densidade dun anaco de metal: Ao ser unha magnitude derivada necesitamos dous aparellos de medida, unha balanza para medir a masa e unha probeta para medir o volume.

g) velocidade dun coche: Desde dentro do coche temos o velocímetro, desde fóra necesitamos unha cinta métrica para medir distancias e un cronómetro para medir tempos.